



*Resolución do 27 de setembro de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproban as listas provisionais para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2017-2018 correspondentes ao corpo de mestres.*

Pola Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, déuselle publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias (*Diario Oficial de Galicia* n.º 131, do 11 de xullo de 2017). No seu apartado segundo establece a orde de prioridade no nomeamento do profesorado interino e substituto.

Logo de rematada a fase de oposición e de concurso dos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de acceso ao corpo de profesores de música e artes escénicas, e de ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 7 de abril de 2017 (*DOG* do 17 de abril), procede actualizar as listas de interinidades e substitucións correspondentes ás especialidades convocadas, nos termos que establece a base vixésimo cuarta da citada convocatoria.

Con base no que establece o punto segundo do apartado segundo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 e a base vixésima cuarta da citada Orde do 7 de abril de 2017,

**RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar as listas provisionais para a cobertura de de interinidades e substitucións no curso académico 2017-2018 correspondentes ao corpo de mestres, coa incorporación das persoas participantes nos procedementos selectivos convocados pola Orde do 7 de abril de 2017 con dereito a incorporación ás correspondentes listas.

Segundo.- Ordenar a publicación as listas provisionais no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es). Xunto coa lista ordenada das novas incorporacións publicarase, para os meros efectos informativos, a lista completa por especialidade.

Terceiro.- As persoas participantes nos procedementos selectivos convocados pola Orde do 7 de abril de 2017 con dereito incorporación na correspondente lista poderán formular



alegacións ás listas provisionais ante á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. As alegacións así formuladas deberán remitirse tamén por correo electrónico no citado prazo ao enderezo [persoal.primaria@edu.xunta.es](mailto:persoal.primaria@edu.xunta.es).

Cuarto.- Para o caso de que xurda a necesidade de cubrir interinidades ou substitucións con anterioridade á aprobación e publicación das listas definitivas, seguirase a orde de chamamentos establecida na lista provisional.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

